



- Publicación BOP aprobación definitiva.
- Publicación BOP aprobación inicial.
- Certificado acuerdo Pleno.
- Dictame Comisión.
- Proposta modificación Orzamento INLUDES.



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SECCIÓN DE ACTAS

##### Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente de modificación do orzamento do Inludes de 2012, vía suplemento de crédito, en cumprimento do disposto no art. 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, faise público o seguinte resumo:

##### Estado de GASTOS

Capítulo	Consignación actual	Modificación	Consignación final
I. GASTOS PERSONAL	4.125.367,95		4.125.367,95
II. G.TOS.BENS CORRENTES E SERVIZOS	2.640.224,33		2.640.224,33
IV. TRANS.CORRENTES	1.078.161,20		1.078.161,20
VI. INVESTIMENTOS REAIS	7.260.750,73	1.000.000,00	8.260.750,73
VII. TRANS.CAPITAL	612.871,88		612.871,88
VIII. ACTIVOS FINANZEIROS	56.500,00		56.500,00
<b>TOTAL</b>	<b>15.773.876,09</b>	<b>1.000.000,00</b>	<b>16.773.876,09</b>

##### Estado de INGRESOS

Capítulo	Previsión actual	Modificación	Previsión final
3. TAX., PREC. PÚB. E OUTROS INGR.	202.500,00		202.500,00
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	8.708.812,04		8.708.812,04
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	138.500,00		138.500,00
6. ALLEAMENTO DE INVER. REAIS	15.000,00		15.000,00
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	597.441,38		597.441,38
8. ACTIVOS FINANZEIROS	6.111.622,67	1.000.000,00	7.111.622,67
<b>TOTAL</b>	<b>15.773.876,09</b>	<b>1.000.000,00</b>	<b>16.773.876,09</b>

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, vinte de decembro de dos mil doce.- **O PRESIDENTE**, José Ramón Gómez Besteiro. **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 5242

### SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

##### Anuncio

#### CORRECCIÓN DE ERROS

Con data 19 de decembro de 2012 (BOP. nº 290) publicouse o anuncio de licitación referido á contratación do servizo de limpeza do Museo Provincial.

Advertido erro material no citado anuncio por medio do presente e de coformidade co disposto no 105 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico e procedemento administrativo común procédese a súa rectificación de xeito que.-

- o CTI Pizarras Vilarbacú, instalado sobre apoio de formigón cunha potencia de 160 kva e unha relación de transformación de 20.000/400-230V.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta Xefatura Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustaran en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 19 de outubro de 2012.- O xefe territorial, José Manuel Vázquez Leirado

R. 4815

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

### ÁREA DE BENESTAR SOCIAL, DEPORTE, IGUALDADE E MOCIDADE

#### Anuncio

#### SERVIZO DE DEPORTE

#### CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA PUBLICACIÓN NO BOP DA RELACIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ACTIVIDADES DEPORTIVAS REALIZADAS POR ENTIDADES DEPORTIVAS 2012

Detectado erro material na transcripción do nome da actividade na publicación da relación de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, anualidade 2012, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm.171 do día 26 de xullo de 2012, anúnciase que

#### Onde di:

Nº REX	NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	Definitiva
9534	HOLA OLA SURF CLUB	CAMPIONATO DE DÍA ACTIVO	500

#### Debe dicir:

Nº REX	NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	Definitiva
9534	HOLA OLA SURF CLUB	CAMPAMENTO DE DÍA ACTIVO	500

Lugo, 23 de novembro de 2012.- O Presidente, José Ramón Gómez Besteiro, O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero

R. 4866

## SECCIÓN DE ACTAS

#### Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de novembro de dous mil doce, o expediente de modificación do orzamento do Inludes de 2012, vía suplemento de crédito, exponse ó público na Secretaría desta Deputación, por espazo de 15 días, en cumprimento do disposto no artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; durante os cales admitiranse reclamacións e suxestións ó mesmo. Transcorrido dito prazo sen que se produzan reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobado.

Lugo, vinte e oito de novembro de dous mil doce.- **O PRESIDENTE**, José Ramón Gómez Besteiro.- **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 4888



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

11 de decembro de 2012

fecha LUGO

unidad de origen **SECCIÓN DE ACTAS**

asunto **Remite certificación acordo do Pleno de 27-11-2012**



destinatario

**Servizo de Intervención**

Remito certificación do acordo adoptado polo Pleno desta Excma. Corporación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de novembro de dous mil doce, relativo a "PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DO INLUDES DE 2012, VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO".

**O SECRETARIO,  
P.D. A XEFA DA SECCIÓN DE ACTAS,**





**DON MANUEL CASTIÑEIRA CASTIÑEIRA**, Secretario Interventor da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en función de Secretario,

**C E R T I F I C O:** Que o Pleno desta Excma. Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de novembro de dous mil doce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DO INLUDES DE 2012, VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO.**

Dáse lectura ó ditame da Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, que dí o seguinte:

“Vista a proposta de modificación do Orzamento do Inludes de 2012, vía suplemento de crédito, que dí o seguinte:

“Visto o acordo do Consello Reitor do INLUDES na súa sesión celebrada o dezaseis de novembro de dous mil doce, e os informes que anteceden, e considerando a necesidade e urxencia de dotar de consignación orzamentaria para executar a segunda fase de Execución da Construcción do Centro de Recría na Granxa Provincial Gayoso Castro do INLUDES, dada a insuficiencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento do Organismo autónomo, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento do INLUDES, vía suplemento de crédito e crédito extraordinario co seguinte detalle:

**1.1. Suplemento de Crédito:**

<b>Aplicación Orzamentaria</b>	<b>Denominación</b>	<b>Importe</b>
41000.622	Edificios e outras construcións	1.000.000,00 €
	Total	1.000.000,00 €

<b>Financiamento</b>	<b>Importe</b>
87000. Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	1.000.000,00 €

2) Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado periodo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas”.

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D<sup>a</sup>. Elena Candia López, D. José Manuel Mato Díaz e D. José Manuel Gómez Puente, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 13; abstencións, 10. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

Para que conste expido a presente certificación, de orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Presidente, coa reserva do establecido no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en Lugo a once de decembro de dous mil doce.

Vº. e Prace  
**“O PRESIDENTE**  
*P.D. Decreto nº 3298/2012, de 05-12-2012*  
**A DEPUTADA PROVINCIAL,**



*Asdo: Regina Polín Rodríguez”*





## COMISIÓN DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

### DICTAME

Vista a Proposta da Presidencia en relación co punto epigrafiado ***“Proposta de modificación do Orzamento do Inludes do 2012, vía suplemento de crédito”***, A Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas, coa abstención dos Sres. Deputados, D<sup>a</sup>. Elena Candia López, D. José Manuel Mato Díaz e D. José Manuel Gómez Puente, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda dictaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede.

Pazo Provincial de Lugo, a 22 de Novembro de 2012.

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Pleno  
Sesión do día 27 NOV. 2012

CÚMPRASE:

“GRUPO SIDENTE”  
ED. Presión nº 2228-2012, de 16-07-2012  
AVISO PRESIDENIA.

Asaela Candia López

APROBADO:

O SECRETARIO



## Acta da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas

Acta da reunión do día 22 de Novembro de 2012

### Asistentes:

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Pilar García Porto  
D. José Fernández Fernández  
D<sup>a</sup>. Regina Polín Rodríguez  
D<sup>a</sup>. Elena Candia López  
D. José Manuel Mato Díaz  
D. José Manuel Gómez Puente

### Secretario da Comisión:

D. José Antonio Castro Liz, Técnico en Administración Financeira e Contable.

Sendo as dez horas do día vintedous de novembro de dous mil trece no Salón de Comisións do Pazo Provincial, reúnense os Sres. Deputados relacionados, membros das Comisións Informativas de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, e de Goberno Interior e Asuntos Xerais, **baixo a Presidencia do Vicepresidente Primeiro o Ilmo. Sr. Don Antón Veiga Outeiro**, asistido do Secretario Xeral da Deputación D. José Antonio Mourelle Cillero e coa asistencia do Xefe do Servizo de Contabilidade e Contas, D. Fernando Seijas Puga, en substitución da Interventora Xeral, co obxecto de emitir os seguintes dictames:

### EMISIÓN DE DICTAMES


1. *Proposta de modificación do Orzamento do Inludes do 2012, vía suplemento de crédito.*



A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D<sup>a</sup>. Elena Candia López, D. José Manuel Mato Díaz e D. José Manuel Gómez Puente, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ó Pleno a súa aprobación.

E non tendo máis asuntos que tratar, levantouse a sesión, sendo as dez horas e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal o Secretario certifica.

O PRESIDENTE,



O SECRETARIO,





## Proposta

### Asunto: Proposta de Modificación do Orzamento do INLUDES 2012, vía Suplemento de Crédito

Visto o acordo do Consello Reitor do INLUDES na súa sesión celebrada o dezaseis de novembro de dous mil doce, e os informes que anteceden, e considerando a necesidade e urxencia de dotar de consignación orzamentaria para executar a segunda fase de Execución da Construcción do Centro de Recria na Granxa Provincial Gayoso Castro do INLUDES, dada a insuficiencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento do Organismo autónomo, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento do INLUDES, vía suplemento de crédito e crédito extraordinario co seguinte detalle:

#### 1.1. Suplemento de Crédito:

Aplicación Orzamentaria	Denominación	Importe
41000.622	Edificios e outras construcións	1.000.000,00 €
Total		1.000.000,00 €

Financiamento	Importe
87000. Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	1.000.000,00 €

2) Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado periodo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Lugo, a 19 de novembro de 2012.  
O PRESIDENTE,

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2012, VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO

Logo de ver os informes que anteceden, considérase necesario e urxente executar a 2ª fase de Execución da Construción do Centro de Recría na Granxa Provincial Gayoso Castro do INLUDES. Tendo en conta a insuficiencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento do INLUDES, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta, propónse ao Consello Reitor do INLUDES:

1. Aprobar inicialmente a modificación do vixente orzamento, vía suplemento de crédito co seguinte detalle:

Suplemento de crédito

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe
41000.622	Edificios e outras construcións	1.000.000,00 €

Financiamento

Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	1.000.000,00 €
--	----------------

2. Que o devandito expediente de modificación se someta ao Pleno da Excma. Deputación Provincial de conformidade co artigo 18 dos Estatutos do INLUDES.

Lugo, 26 de outubro de 2012

A vicepresidenta 2ª

Delegada da área de Emprego, Economía

Sostible e Demografía



Lara Méndez López

Excma. Deputación Provincial de Lugo  
INSTITUTO LUCENSE DE DESENVOLVEMENTO  
ECONÓMICO E SOCIAL - INLUDES -

CONSELLO REITOR

Sesión do día 16-11-2012

CÚMPRASE:  
O PRESIDENTE

APROBADO:  
O SECRETARIO



INFORME DE INTERVENCIÓN

**Asunto:** Proposta de Modificación do Orzamento do INLUDES 2012, vía Suplemento de Crédito.

Vista proposta de modificación, memoria, informes que anteceden e demais documentación do expediente, emítase o seguinte informe:

En relación á modificación proposta de suplemento de crédito a lexislación aplicable é a contida no artigo 177 do TRLRFL, os artigos 35 a 38 do R.d. 500/1990, de 20 de abril, a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, o REO, e a base núm. 6 de execución do Orzamento Xeral 2012. Ao parecer da que subscribe, a proposta de modificación axústase a ditas normas.

Lugo, 26 de outubro de 2012

A interventora



Rosa Abelleira Fernández



## MEMORIA

**Destino:** Consello Reitor do Inludes.  
**Asunto:** Finanzamento con Remanente de Tesourería.  
**Orixe:** Órganos de Goberno.

**PRIMEIRO.-** O Inludes, dentro das súas liñas de actuación de promoción do desenvolvemento agropecuario acolle á Granxa Provincial Gayoso Castro, a cal iniciou a súa actividade no ano 1942 cun dobre obxectivo: desenvolver labores de investigación no ámbito do sector primario da provincia e abastecer de produtos ós centros benéficos dependentes da Deputación de Lugo.

**SEGUNDO.-** Actualmente, na Granxa Provincial Gayoso Castro intégranse varias actividades vinculadas a tres sectores: gandeiro, agrícola e educativo. Entre as do sector gandeiro temos a de recuperación da raza rubia galega, mediante un acordo con ACRUGA (Asociación de Criadores de Rubia Galega). A Deputación, en acordo con esta sociedade, facilítalle as instalacións onde poder recuperar e recriar becerros e becerras destinados á recría. A Deputación de Lugo dispón, ademais, doutra explotación de vacas frisonas para recría, mellora xenética e produción de leite. En canto á agricultura, nas súas 300 hectáreas de terreo realízanse ensaios de cultivo de especies forraxeiras e de cereal e estudos sobre a súa viabilidade e rendemento. Dispoñen dun edificio acondicionado para a docencia onde, en convenio coa Universidade de Santiago-Lugo e o IES "Trapero Pardo", impártense cursos de actualización para agricultores e gandeiros, e de especialización e prácticas para estudantes de materias relacionadas co sector.

**TERCEIRO.-** O Inludes está a impulsar un centro de recría nas instalacións da Granxa Gayoso Castro que será o primeiro público de España das súas características, e contará cun investimento de 8,5 millóns de euros. Con 3.000 xatas, triplicará a capacidade dos 14 existentes en Galicia, e aforrará custes ós gandeiros da provincia, dotando deste xeito, ás explotacións luguesas dun maior rango xenético, produtivo e sanitario, garantindo a súa continuidade nestes momentos de crise económica.

**CUARTO.-** Segundo un estudo efectuado por Tragsa, os gandeiros galegos están recriando fundamentalmente no centro de Zaragoza unhas 4.000 xovencas, o que supón un volume de negocio de 8 millóns de euros. Así pois, o obxectivo é facer de Lugo o referente desta actividade en Galicia, ademais de dar resposta ás necesidades do sector gandeiro de vacún de carne para lograr que sexa máis competitivo e rendible.

O Centro de Recría converterase nun escenario de investigación, aberto aos alumnos de Veterinaria e doutras facultades, pero será especialmente innovador no seu modelo de xestión ambiental de residuos, xa que será un centro autosuficiente, capaz de xestionar o 100% dos seus residuos, converténdoo en enerxía.

**QUINTO.-** Tendo en conta o sinalado, dende este Instituto veuse a necesidade de poñer en marcha o *Proxecto Básico e de Execución da Construción do Centro de Recría na Granxa Provincial Gayoso Castro do Inludes*, por considerar de suma importancia que Lugo fora referente da recría, así como, que as explotacións da nosa provincia tiveran un maior rango xenético, produtivo e sanitario, para poder garantir a súa continuidade algo imprescindible nestes momentos de crise para a economía da provincia de Lugo. A isto engadir que tanto na fase de construción como una vez posto en marcha o Centro de Recría servirá como polo dinamizador do ámbito rural, creando novos postos de traballo e impulsando o crecemento económico e social da zona.



**SEXTO.-** Co obxectivo de poñer en marcha o proxecto sinalado, o 28 de abril de 2011 este Instituto asinou un convenio de colaboración co *Ministerio de Medio Ambiente y Medio rural y Marino para la Construcción de un Centro de Recría en la Granja Gayoso Castro en Castro de Rei*, no cal o Inludes comprometiase ao financiamento das actuacións derivadas da execución das obras por un importe máximo de 11.191.799,16€

**SÉTIMO.-** Tendo en conta que o pasado mes de setembro rematou a construción da primeira fase *Proxecto Básico e de Execución da Construción do Centro de Recría na Granxa Provincial Gayoso Castro do Inludes*, dende este Instituto considérase de extra importancia continuar coa segunda fase do mencionado proxecto, para o cal é necesario dispoñer de 6 millóns de euros, para os cales non existe crédito suficiente nesta entidade, e por elo pídese un incremento de orzamento.

**OITAVO.-** En situacións extraordinarias, é preciso adoptar medidas extraordinarias e estamos ante unha situación deste tipo, na que se precisan todos os esforzos para contribuír á resolución dos problemas que nos ocupan. Xa que estas medidas son necesarias para conseguir que a situación económica provincial mellore, o que redundará indubidablemente no mantemento e creación de emprego, obxectivo prioritario neste momento, así como a protección dun dos sectores mais castigados na crise que se vive actualmente.

**NOVENO.-** Visto todo o anteriormente mencionado, considérase que **non se poden retrasar as devanditas actuacións que se consideran prioritarias, xa que neste momento é imprescindible que sexan executadas na presente anualidade, non sendo polo tanto posible pospoñer a súa execución para os próximos exercicios orzamentarios, xa que iso implicaría a perda do seu efecto dinamizador.**

**DÉCIMO.-** Tendo en conta o exposto, é preciso poñer todos os recursos dispoñibles na administración local ao servizo da cidadanía, xa que e de vital importancia dar un impulso á situación económica actual, entendendo que procede facer un esforzo orzamentario, para completar as actuacións previstas a nivel orzamentario, con outras actuacións para as que non existe financiamento, pero que son susceptibles de ser financiadas con outros recursos cos que conta o Inludes.

Tendo en conta o anteriormente exposto e visto o informe de Intervención do 26 de outubro de 2012 confeccionase a presente memoria, xustificativa da modificación orzamentaria de suplemento de crédito, no orzamento do INLUDES para o ano 2012.

A consignación orzamentaria existente é insuficiente para a segunda fase do *Proxecto Básico e de Execución da Construción do Centro de Recría na Granxa Provincial Gayoso Castro do Inludes*, debendo dotarse o crédito no actual orzamento 2012 na aplicación orzamentaria e por importe que se reflicte no informe da Intervención anteriormente citado.

A modificación plantexada afecta o mencionado proxecto, no que se xustifica a imposibilidade de demorar a súa execución ata o ano seguinte, financiándose con remanente líquido de tesourería para gastos xerais. En resumo a modificación consiste en:

**Suplemento de Crédito:**


Aplicación Orzamentaria	Denominación	Importes
41000.622	Edificios e Outras Construcións	1.000.000,00€

**Financiamento:**

Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	1.000.000,00€
--	---------------

Lugo, 26 de outubro de 2012.

O Presidente,  
P.D. Decreto nº694/2012, de data 03/09/2012  
A Vicepresidenta



Asdo.: Lara Méndez López



INFORME DE INTERVENCIÓN

Asunto: Proposta de modificación do orzamento do INLUDES 2012, vía Suplemento de Crédito.

Logo de ver a solicitude de consignación orzamentaria para financiar a 2ª fase de Execución da Construción do Centro de Recría na Granxa Provincial Gayoso Castro do INLUDES, financiada con remanente de tesourería, emítense o seguinte informe:

- 1 O remanente de tesourería para gastos xerais dispoñible no INLUDES para financiar a dita actuación pódese cuantificar na cifra de un millón de euros, debendo modificar o orzamento a través dun suplemento de crédito polo dito importe, aumentando a aplicación orzamentaria correspondente, do seguinte xeito:

Suplemento de crédito:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe
41000.622	Edificios e outras construcións	1.000.000,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>1.000.000,00 €</b>

Financiamento	Importe
87000 Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	1.000.000,00 €

- 2 Polo exposto, a que subscribe informa:
  - a) O artigo 177 do R. d. legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante TRLRFL), os artigos 35 a 38 do R. d 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo 1º do título VI da Lei reguladora das facendas locais en materia de orzamentos (en adiante R. d. 500/1.990) e a base núm. 6 de execución do Orzamento Xeral 2012, regulan as modificacións de crédito, mediante as cales se asigna crédito (consignación orzamentaria) para a realización dun gasto específico e determinado que non se pode demorar ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito ou o existente é insuficiente.
  - b) O gasto poderase financiar con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, e mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras aplicacións orzamentarias do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbacións do respectivo servizo. Se o





gasto se refire a un investimento, pódese financiar con recursos procedentes de operacións de crédito.

- c) A nova normativa en materia de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira ven establecida pola Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril (en adiante LOE), que entrou en vigor o 1 de maio e derroga expresamente o texto refundido aprobado polo R.d. legislativo 2/2007, de 28 de decembro, da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, sendo de aplicación o R.d. 1463/2007, de 2 de novembro (en adiante REO), polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, en todo aquilo que non se opoña ao previsto na LOE.

Segundo o artigo 16 do REO, emítase o seguinte informe referido á aprobación de modificacións orzamentarias mediante créditos extraordinarios e suplementos de crédito, coa finalidade de avaliar o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

De acordo co Plan Económico-Financeiro a liquidación do Orzamento 2012 reflicte un saldo non financeiro de necesidade de financiamento para a Deputación e o INLUDES, que se atopa dentro da porcentaxe establecida pola Comisión Nacional de Administración Local para a liquidación 2011 (4,39% INF), mantendo os ritmos de execución dos anos 2009 a 2011.

A previsión de estabilidade na liquidación do Orzamento para 2012 é de cumprimento en base a que o Orzamento na fase de aprobación cumpre co obxectivo, e na fase de execución á data actual presenta un ritmo de execución adecuado ao cumprimento do mesmo, e ademais a presente modificación e a execución da actuación non producirá obrigas non financeiras no ano 2012, por imposibilidade no tempo.

- d) Segundo a regulación do citado expediente é necesario a seguinte tramitación:

- I. Será incoado por orde do Presidente da Corporación.
- II. A proposta deberase acompañar dunha Memoria xustificativa da necesidade da medida que deberá precisar:
  - A clase de modificación a realizar.
  - Aplicacións orzamentarias ás que afecta.
  - Medidas e recursos que a financian, e acreditar:  
Carácter específico e determinado do gasto a realizar, e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.



A inexistencia ou insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica.

- III. A proposta de modificación, previo informe da Intervención, elevarase ao Consello Reitor para a súa aprobación, segundo os estatutos do Inludes e seguidamente será sometida ao Pleno da Deputación, na que rexerán os mesmos trámites e requisitos que para os orzamentos.

3 O órgano competente para a aprobación inicial da citada modificación é o Pleno da Excm. Deputación segundo o artigo 33.2.c) da Lei 7/85 e o artigo 177.2 do TRLRFL.

Lugo, 26 de outubro de 2012

A interventora

Rosa Abelleira Fernández



INCOACIÓN DO EXPEDIENTE

Pola presente, ordenase a incoación do expediente de modificación orzamentaria de suplemento de crédito, para aumentar o crédito na aplicación orzamentaria correspondente para a 2ª fase de Execución da Construción do Centro de Recría na Granxa Provincial Gayoso Castro do INLUDES, financiándose con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, polo seguinte importe:

- 1.000.000,00 € destinados a 2ª fase de Execución da Construción do Centro de Recría na Granxa Provincial Gayoso Castro.

Lugo, 26 de outubro de 2012

O presidente

P.D. Decreto núm. 694/2012, de data 03/09/2012

A Vicepresidenta



Lara Méndez López



## **SOLICITUDE**

**Destino:** Sra. Interventora do Inludes.  
**Asunto:** Solicitud de informe sobre financiamento con remanente de Tesourería.  
**Orixe:** Servizo Xeral de Xestión da Área de Emprego, Economía Sostible e Demografía do Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social, Inludes.

**PRIMEIRO.-** O Inludes, dentro das súas liñas de actuación de promoción do desenvolvemento agropecuario acolle á Granxa Provincial Gayoso Castro, a cal iniciou a súa actividade no ano 1942 cun dobre obxectivo: desenvolver labores de investigación no ámbito do sector primario da provincia e abastecer de produtos ós centros benéficos dependentes da Deputación de Lugo.

**SEGUNDO.-** Actualmente, na Granxa Provincial Gayoso Castro intégranse varias actividades vinculadas a tres sectores: gandeiro, agrícola e educativo. Entre as do sector gandeiro temos a de recuperación da raza rubia galega, mediante un acordo con ACRUGA (Asociación de Criadores de Rubia Galega). A Deputación, en acordo con esta sociedade, facilítalle as instalacións onde poder recuperar e criar becerros e becerras destinados á recría. A Deputación de Lugo dispón, ademais, doutra explotación de vacas frisonas para recría, mellora xenética e produción de leite. En canto á agricultura, nas súas 300 hectáreas de terreo realízanse ensaios de cultivo de especies forrageiras e de cereal e estudos sobre a súa viabilidade e rendemento. Dispoñen dun edificio acondicionado para a docencia onde, en convenio coa Universidade de Santiago-Lugo e o IES "Trapero Pardo", impártense cursos de actualización para agricultores e gandeiros, e de especialización e prácticas para estudantes de materias relacionadas co sector.

**TERCEIRO.-** O Inludes está a impulsar un centro de recría nas instalacións da Granxa Gayoso Castro que será o primeiro público de España das súas características, e contará cun investimento de 8,5 millóns de euros. Con 3.000 xatas, triplicará a capacidade dos 14 existentes en Galicia, e aforrará custes ós gandeiros da provincia, dotando deste xeito, ás explotacións luguesas dun maior rango xenético, produtivo e sanitario, garantindo a súa continuidade nestes momentos de crise económica.

**CUARTO.-** Segundo un estudo efectuado por Tragsa, os gandeiros galegos están recriando fundamentalmente no centro de Zaragoza unhas 4.000 xovencas, o que supón un volume de negocio de 8 millóns de euros. Así pois, o obxectivo é facer de Lugo o referente desta actividade en Galicia, ademais de dar resposta ás necesidades do sector gandeiro de vacún de carne para lograr que sexa máis competitivo e rendible.

O Centro de Recría converterase nun escenario de investigación, aberto aos alumnos de Veterinaria e doutras facultades, pero será especialmente innovador no seu modelo de xestión ambiental de residuos, xa que será un centro autosuficiente, capaz de xestionar o 100% dos seus residuos, converténdoo en enerxía.

**QUINTO.-** Tendo en conta o sinalado, dende este Instituto veuse a necesidade de poñer en marcha o *Proxecto Básico e de Execución da Construción do Centro de Recría na Granxa Provincial Gayoso Castro do Inludes*, por considerar de suma importancia que Lugo fora referente da recría, así como, que as explotacións da nosa provincia tiveran un maior rango xenético, produtivo e sanitario, para poder garantir a súa continuidade algo imprescindible nestes momentos de crise para a economía da provincia de Lugo. A isto engadir que tanto na fase de construción como una vez posto en marcha o Centro de Recría servirá como



polo dinamizador do ámbito rural, creando novos postos de traballo e impulsando o crecemento económico e social da zona.

**SEXTO.-** Co obxectivo de poñer en marcha o proxecto sinalado, o 28 de abril de 2011 este Instituto asinou un convenio de colaboración co *Ministerio de Medio Ambiente y Medio rural y Marino para la Construcción de un Centro de Recría en la Granja Gayoso Castro en Castro de Rei*, no cal o Inludes comprometéase ao financiamento das actuacións derivadas da execución das obras por un importe máximo de 11.191.799,16€

**SÉTIMO.-** Tendo en conta que o pasado mes de setembro rematou a construción da primeira fase *Proxecto Básico e de Execución da Construción do Centro de Recría na Granxa Provincial Gayoso Castro do Inludes*, dende este Instituto considérase de extra importancia continuar coa segunda fase do mencionado proxecto, para o cal é necesario dispoñer de 6 millóns de euros, para os cales non existe crédito suficiente nesta entidade, e por elo pídesse un incremento de orzamento.

**OITAVO.-** En situacións extraordinarias, é preciso adoptar medidas extraordinarias e estamos ante unha situación deste tipo, na que se precisan todos os esforzos para contribuír á resolución dos problemas que nos ocupan. Xa que estas medidas son necesarias para conseguir que a situación económica provincial mellore, o que redundará indubidablemente no mantemento e creación de emprego, obxectivo prioritario neste momento, así como a protección dun dos sectores máis castigados na crise que se vive actualmente.

**NOVENO.-** Visto todo o anteriormente mencionado, considérase que *non se poden retrasar as devanditas actuacións que se consideran prioritarias, xa que neste momento é imprescindible que sexan executadas na presente anualidade, non sendo polo tanto posible pospoñer a súa execución para os próximos exercicios orzamentarios, xa que iso implicaría a perda do seu efecto dinamizador.*

**DÉCIMO.-** Tendo en conta o exposto, é preciso poñer todos os recursos dispoñibles na administración local ao servizo da cidadanía, xa que e de vital importancia dar un impulso á situación económica actual, entendendo que procede facer un esforzo orzamentario, para completar as actuacións previstas a nivel orzamentario, con outras actuacións para as que non existe financiamento, pero que son susceptibles de ser financiadas con outros recursos cos que conta o Inludes.

En base a todo o anteriormente exposto **SOLICÍTASE** un informe a esta Intervención para dotar de consignación orzamentaria a actuación antes citada e financiarla con remanente de Tesourería.

Lugo, 25 de outubro de 2012.

A Delegada da Área de Emprego, Economía Sostible e Demografía



Lara Méndez López